



**ACORDO do 10 de xuño, do tribunal nomeado pola Orde do 21 de setembro de 2020 (DOG número 195, do 25 de setembro), encargado de cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, convocado por Orde do 7 de xaneiro de 2020 (DOG núm. 21, do 31 de xaneiro), polo que se fixan os criterios de corrección, valoración e superación do primeiro exercicio do proceso selectivo**

En sesión que tivo lugar o día 10 de xuño de 2021, o tribunal, acordou, de conformidade co disposto na base II.1.2.10 da convocatoria, establecer os seguintes criterios de corrección, valoración e superación do primeiro exercicio do proceso selectivo.

### **CUESTIÓNS XERAIS ESTABLECIDAS NAS BASES DA CONVOCATORIA.**

O primeiro exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cen (100) preguntas tipo test propostas polo tribunal, máis cinco (5) preguntas de reserva, relacionadas co anexo I do programa. Cada pregunta conterá catro (4) respostas alternativas das que só unha delas será a correcta.

O exercicio terá unha duración máxima de cento trinta (130) minutos. O exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de quince (15) puntos. Corresponderalle ao tribunal determinar o número de respostas correctas exixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal se terá en conta que cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

### **DETERMINACIÓN DE SUPERACIÓN DA PROBA**

En virtude desta facultade de determinación do criterio de superación do exercicio, o tribunal acordou que superarán o primeiro exercicio as persoas aspirantes presentadas que obteñan un mínimo de corenta e cinco (45) respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes. As preguntas non contestadas non penalizarán nin recibirán puntuación.

Asignarase a valoración de 15 puntos ás persoas aspirantes que obteñan unha nota equivalente á nota de corte fixada. O resto das persoas declaradas aptas terá unha cualificación distribuída entre os 15 e os 30 puntos, proporcional ao número de respostas correctas. Do mesmo xeito, asignarase a puntuación proporcional que corresponda as persoas aspirantes declaradas non aptas.

Con independencia do anterior, as persoas aspirantes que, de acordo, co establecido na base II.1.1.4 da convocatoria, puidesen quedar exentas da realización deste exercicio e opten por non presentarse, serán, así mesmo, declaradas aptas coa mesma cualificación que obtiveron no primeiro exercicio do proceso selectivo convocado pola Orde do 1 de marzo de 2018, pola que se convocaba o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2.

Santiago de Compostela

